



DO PORTO DE QUILMAS A CALDEBARCOS

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018



Distancia: 7 km (lineais)
Dificultade: media



Unha camiñada de interese paisaxístico e etnográfico por praias e rochedos tendo sempre presentes dous fitos míticos de Galiza, o monte Pindo e Fisterra. Camiñando por carreiros case invisibles imos pasando dunha punta a un seo, dun rochedo con formas engaiolantes ou sorprendentes, puídas polo mar ou comestas pola erosión do sal e o vento, a un areal recollido ou a un coído, nunha viaxe na que o tempo corre e se alonga e a distancia se reduce moi de vagar.

Este tramo da costa de Carnota está protexida no LIC “Carnota-Pindo”.



Curiosa rocha no litoral da Curra

Praia de Quilmas coas construcións das antigas fábricas de salga e os alboios para gardar as embarcacións e os aparellos dos mariñeiros. Segundo a tradición nestra praia reparaban os normandos as súas naves.



PERCORRIDO

Comezamos baixando ao **porto de Quilmas**, un abrigo rodeado por casetas de pescadores, moitas convertidas en vivendas vacacionais, percorremos as praias, protexidas pola **punta de Quilmas** e o **petón dos Turcos**, para atoparnos cos restos do edificio dun almacén de salga que aínda conserva no medio das silvas moitos elementos propios da súa función, e achegámonos á **punta de Quilmas**, desde onde temos unha ampla panorámica da contorna: de Fisterra ao Pindo por unha banda e a costa ao detalle desde a península na que se asenta a localidade do Pindo ata o punto no que nos atopamos, e pola outra unha parte da sucesión de rochedos e areais polos que vai discorrer o noso itinerario. Da punta de Quilmas pasamos aos **Salitres** con rochas traballadas polo mar, e logo a un pequeno seo, por debaixo da piscifactoría, que acolle as **praias do Pedrullo, Corna Becerra**, un tramo rochoso e **O Portiño**, ao abrigo da **punta do Carreiro de Luce**, á que se pode pasar coa marea baixa, na que se atopan unhas curiosas formacións rochosas. Seguindo o camiño pasamos polas **puntas da Lomba** e **os Carballiños**, protexidas por fieiros de rochas paralelos á costa, entre as que hai pequenas manchas de area, e chegamos ao **Porto dos Negros**, outro fermoso e recollido seo entre a liña da costa e un rebastal, que remata nun coído. Os seguintes puntos de interese atopámolos na **punta da Curra**, os seus illotes, e a súa enseada, na que desauga o **rego dos Muíños** que forma unha pequena praia, en fronte da que está o **Con Cagado**, coroado de corvos mariños e batido polo mar. A seguir temos outro longo tramo de rochedo no que sobresaen as formas da **punta da Pedra Loira** e a **punta do Garamelo** no remate, entra elas **O Portiño de Panchés**, a **punta da Lapra** e algúns areais de pequenas dimensións, e por diante máis rochas ata a **illa Corveira** que protexe outro seo no que se atopa a **praia da Insuela**. Agora xa só queda a **punta de Caldebarcos**, rodeada polos **Fartos** ou **As Insuelas**, ao dobrala atopamos as casetas dos pescadores, a **praia do Almacén**, o edificio de outra salga, pequenos abrigos e os puntos desde os que se abrangue toda a **enseada de Carnota** coa praia, o areal máis longo de Galiza, que se estende ao longo de case 7 km, entre Caldebarcos e Lira, e subindo á localidade rematamos o traxecto.

Unha distancia de 4 km pola estrada que se convirte nuns 7 km pola beira do mar, aos que hai que engadirlle a falta de camiños e a irregularidade do terreo, para facer dela unha andaina de varias horas.



Chabolas da praia de Quilmas ambientadas para a rodaxe dunha película.



Praias de Quilmas



Lagoa na punta de Quilmas



Cons na praia de Quilmas.
Detrás a punta e o Petón dos Turcos.



Punta Quilmas



Rochas traballadas polo mar na punta de Quilmas.



Costa de Cabra. Con este nome coñécese un tramo de costa rochosa con moitos baixos e illotes a algúns areais solitarios (Carballiños, Insuela ou Porto negros...). Abondan as algas que son recollidas para a industria.



Salitres



Praia do Pedrullo



Praia de Corna Becerra



O Portiño.



Punta do Carreiro de Luce



Punta da Lomba



Punta e praia dos Carballiños




Porto dos Negros.



Tallos Redondos.



Punta e illas da Curra





Praia do rego dos Muíños (enseada da Curra)



Rego dos Muíños



Petón Cagado



A Carreira



Punta da Pedra Loira



Punta do Garamelo



Portiño de Panchés



Illa Corveira



Praia da Insuela.



Os Fartos



Punta de Caldebarcos



Praia do Almacén



Punta de Caldebarcos. Outeiro Alto.



A punta de Caldebarcos acolle un pequeno porto (A Rambla), chabolas dos mariñeiros e restos de factorías de salga.




O Rubio, na Punta de Caldebarcos



Vista desde o alto das Forcadas. A enseada de Carnota ábrese entre as puntas de Caldebarcos (á dereita da imaxe) e dos Remedios (á esquerda). O fondo está ocupado por un extenso areal formado polas praias de Caldebarcos, Carnota, Mar de Lira, Cons, Xaxebe, Portocubelo...

A praia de Carnota e as dunas de Caldebarcos forman un sistema de marismas e dunas fixadas pola vexetación separadas do mar por un gran areal de máis de 7 km de lonxitude (o máis grande de Galiza).



Un dos aspectos destacados neste tramo de costa é a presenza de rochas erosionadas con formas curiosas e suxerentes que van xurdindo a cada pouco.